


**Memoria do Dpto. de _Educaciónl Plástica Visual e
Audiovisual**

Curso 2022/2023



Xefe/a de departamento:	Materias
<i>Alicia González Alonso</i>	<i>Educación Plástica Visual e Audiovisual de 1º, 3º, e 4º ESO Proxecto Interdisciplinar de 1ºESO A e B e ·3º B Obradoiro de Plástica de 2º ESO</i>
Membros do departamento	Materias
<i>Alicia González Alonso</i>	<i>EPV eA. De 1º,3º, y 4ºESO Proxecto Interdisciplinar de 1ºESO A-B Obradoiro de Plástica de 2º ESO</i>

MATERIA	<i>Educación Plástica Visual e Audiovisua</i>
---------	---

A) Porcentaxe de cumprimento da programación e dos obxectivos e razóns da programación non impartida.

Nas 3 avaliacións e para todos os cursos, a programación foi cumprida nos seus obxectivos no 100% aínda que sempre faltou tempo para afondar en traballos prácticos xa que con 2 horas semanais non é dabondo , sendo unha materia que na meirande parte é práctica.

B) Accións realizadas e modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.

Tentouse integrar os contidos da programación nos distintos proxectos que foron xurdindo nos que se foron traballando ó longo do curso, como: murais, concursos, etc., para lograr os obxectivos marcados.

C) Motivos das modificacións feitas ó longo do curso

Non se fixeron modificacións

Curso 22/23

	Primeiro		Tercero	
	Curso A	Curso B	Curso A	Curso B
	EPV/P.COMP.	EPV/P.COMP		EPV/P.COMP
Calificación	Nº Alumnos 19/10	Nº Alumnos 18/6	Nº de Alumnos 20	Nº Alumnos 16 /8
1				
2				
3	2			
4			1	
Suspensos	2 / 0	0	1	0 / 0
5			3	1
6	3 / 1	6	4	3
7	2	2	3	5
8	5 / 5	5	6	2 / 6
9	2 / 3	1	3	0
10	5 / 1	4	0	5 / 2
Aprobados	19 / 10	18	20	16 / 8

	3º Cde PMAR		Cuarto	
			Curso A	Curso B
Calificación	Nº de Alumnos 5		Nº de Alumnos	Nº de Alumnos 21
1				
2				
3				
4				
Suspensos	0		0	0
5	4		1	2
6	0		2	8
7	1		1	3
8			3	4
9			1	2
10			4	2
Aprobados	5		12	21

	SEGUNDO		OBRADOIRO DE PLÁSTICA	
	Curso A		Curso B	Curso C
Calificación	Nº de Alumnos 14		Nº de Alumnos 11	Nº de Alumnos 6
1				
2				

3				
4	1			
Suspensos	1		0	0
5	3		3	
6	3		2	
7	2		1	1
8	3		2	
9	2		1	3
10	1		2	2
Aprobados	15		11	6

C) Propostas de mellora para a programación didáctica do próximo curso

Para o próximo curso a miña idea é ter todo máis organizado e axustado ós tempos para non andar sempre ás presas, xa que o departamento de Plástica se presta a proxectos que xurden sobre a marcha e que están moi ben, pero fan que custe moito rematar os contidos da programación.

A programación facela máis axustada ó tempo real que temos, que sempre é escaso, xa que é un centro onde se levan a cabo moitas actividades, nas que participamos activamente, e eso fai que quite tempo. Aínda que tamén é certo que os contidos do currículo son tratados de forma práctica en todos estes traballos e motiva moito aos alumnos..

D) Avaliación da práctica docente.

Penso que os resultados foron moi bos, xa que atopei moi boa predisposición por parte do alumnado e traballamos nun ambiente moi agradable e participativo en xeral. Os resultados foron moi bos xa que a maior parte dos alumnos conseguiron superar a materia

Os terceiros foron cursos pouco numerosos co que se traballou moi ben con eles, isto repercutiu nos bos resultados acadados

É de salientar que houbo moito alumnado de 4º que colleu a materia, tiña 2 grupos; no 4ºB que era moi numeroso dificultou algo a marcha das clases ó ter moito de práctica

Este ano tiveron unha alumna con ACI, Lara, en 2º da ESO. É unha alumna aqueixada de parálise cerebral severa e que ten moi pouca mobilidade polo que non foi posible traballar moito pero si fixo algúns traballos con pinturas e con pinceis de abanico aproveitando os movementos que pode facer ela e axudada pola coidadora, disfrutounos moito, tentamos no posible que estivera tranquila e contenta nas clases compartindo cos compañeiros que lle amosaban moitas mostras de cariño e escoitando música que lle gusta moito.

Neste curso na asignatura "Obradoiro de Plástica" cunha hora á semana fixeron relevos e pequenas esculturas de vulto redondo modeladas en arxila. Tamén fixeron grabado á punta seca, aproveitando o interior dos tetrabrick como matriz e pasando a papel co tórculo. Foi un traballo moi doado xa que os materiais empregados foron de refugallo

Na 2ª Avaliación con motivo do día dos Humedais fixemos unha saída a Lagoa coa Sociedade Galega de Historia Natural e a volta inauguramos un mural, comezado hai tempo que parou a pandemia e que traballaron nel todos os alumnos do Centro de todos os niveis na elaboración de debuxos de peces, pegándoos e cos plásticos recollidos polos alumnos na praia e que ten coma

mensaxe a defensa da natureza e o rexeitamento ó uso de plásticos que contaminan e van parar ó mar.

Éste ano para o proxecto de Centro foi elixido O 50 Aniversario do Centro que os cumpría éste Curso. Creáronse 3 Comisións nas que participou activamente todo o profesorado do Centro e éste departamento participou tamén creando un deseño para facer camisetas, pulseras, tazas...etc“ O deseño dunha gran pancarta colocada no exterior do Centro e diversos traballos para a Exposición que se fixo na Aula de Cultura do Concello, todo éste traballo rematou cunha gran Cea -baile na que participou toda a comunidade escolar e unha festa de fin de Curso

G) Actividades extraescolares e complementarias desenvolvidas

No Samaín traballamos cos alumnos na elaboración dunha “aula do terror” , na ambientación e construción de distintos personaxes, un cemiterio e zombis saíndo dunha caixa . Engadindo éste ano ,sons e teatralización levada a cabo polos alumnos de 4º ESO foron pasando todos os cursos do Cole, dende os máis pequenos ós maiores, e disfrutaron moitísimo.

Asemade, participamos con todos os cursos da ESO 1º, 2º e 3ºe 4º de EPV e A. e con 2ºESO no Obradoiro de Plástica no concurso “Poesía e Imaxe de poemas escollidos deste ano É de salientar os traballos tan bos que fixeron.

O premio este ano foi para as alumnas de 3ºESO B Blanca e Amalia, que fixeron un magnífico traballo

Este ano como o proxecto de Centro foi adicado O 50 aniversario, o deseño da alfombra floral dos Maios tamén o foi.

Na elaboración como tódolos anos participou activamente todo o alumnado e profesorado quenes cantaron a chegada da primavera.

H) Principais conclusions.

Curso para min satisfactorio xa que atopei xente ilusionada e con moitas gañas . Traballaron en xeral moi ben e tentei potenciar a súa creatividade, fundamental para min nesta asignatura de plástica e inculcarlles, na medida do posible, valores que lles axuden na súa formación.